

NOTA INFORMATIVA CITACIÓNS ENTREVISTAS TECENDO EMPREGO

**LUGAR ENTREVISTAS :CENTRAD – CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO (PAVILLÓN Nº 5)
C/CHANTADA S/N – LUGO (Á BEIRA DA POLICIA NACIONAL)**

DATA: 30/05/2019

Logo de revisar a documentación requirida aos candidatos desempregados procédese a seguir co procedemento do programa, en concreto, coa fase de ENTREVISTAS de acordo ao establecido na Base 6 do programa, publicanse as listaxes de citacións para os postos do programa:

- **Listaxe de admitidos.**
- **Listaxe de citacións.**
- **Listaxe de excluídos**

Finalizadas as entrevistas, publicaranse as listaxes de notas por cada posto.

Posteriormente elevarase a Xunta de Goberno e publicarase a relación definitiva de traballadores asignados ás entidades (Anexo Perfís). Nos cinco días seguintes á publicación, as entidades terán que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda.

DEBEN LEMBRAR :

1. TODOS OS CANDIDATOS DEBEN DE APORTAR O NIF OU DOCUMENTO EQUIVALENTE QUE ACREDITE A SÚA IDENTIDADE.
2. NAS ENTREVISTAS **DEBERÁN ACREDITAR MEDIANTE DOCUMENTACIÓN ORIXINAL OS REQUISITOS ESIXIDOS DO POSTO. DE NON SER ASÍ , PASARÁ A FIGURAR COMO NON APTO.**
 - Titulación: Titulo académica esixido.
 - Experiencia: contrato de traballo ou nómina para acreditar a experiencia
 - Outras esixencias do posto publicadas en cada oferta (carné de conducir....)

En caso de empate na puntuación os criterios tomados pola Comisión de valoración para establecer a prelación de candidatos será en primeiro lugar o de maior antigüidade na inscrición como demandante ou mellora de emprego, segundo a data de nacemento, favorecendo os de maior idade e en caso de persistir o empate atenderase o grado de vulnerabilidade.

3. TODAS AS FASES DO PROGRAMA SERÁN PUBLICADAS NA PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN DE LUGO http://deputacionlugo.gal/gl/temas/emprego/tecendo_emprego/candidatos

A Xefa de Sección de Promoción Económica e Emprego

Código Seguro de Verificación	IV6TEDD2NM7757Z7YY5DMBLUA4	Fecha y Hora	21/05/2019 14:19:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JULIA MARIA VAZQUEZ SILVARREY		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6TEDD2NM7757Z7YY5DMBLUA4	Página	1/1

